

**FEBREIRO 2018**  
**RETRATOS BÚLGAROS**

**MÉRCORES!!**

**FEBREIRO SLAVA de KRISTINA GROZEVA e PETAR  
VALCHANOV**

**14**

**(UN MINUTO DE GLORIA)**  
**BULGARIA 2016; 101' V.O.S.C.**

**FEBREIRO POSOKI de STEPHAN KOMANDAREV  
19 (DESTINOS)**

**BULGARIA 2017; 103' V.O.S.C.**

**FEBREIRO FILME SORPRESA  
26**

**AUDITORIO MUNICIPAL DE VIGO: PRAZA DO REI  
ÁS 20:30 HORAS**

**Colaboran:**

**CONCELLARÍA DE CULTURA E FESTAS DO CONCELLO DE VIGO E  
FEDERACIÓN DE GALICIA DE CINECLUBS**

## **RETRATOS BÚLGAROS**

En xaneiro do 2015, festexaban en Bulgaria o centenario da súa primeira proxección pública co filme *O búlgaro é galante*, do director Vasil Guendov. Nese primeiro período semiprofesional, a industria do cine búlgaro desenvólvese como unha iniciativa libre, constituída por pequenas compañías privadas que produciron filmes con tramas derivadas principalmente da literatura nacional. Os equipos creativos non tiñan preparación específica e os actores en pantalla eran, na maior parte, artistas teatrais sen experiencia na actuación cinematográfica. Tras a segunda Guerra Mundial, o réxime comunista nacionaliza a industria. O Estado exerce control financeiro e ideolóxico da produción, e os cineastas son formados nas escolas de cine da Unión Soviética, na antiga Checoslovaquia, Polonia e, a partir de 1973, tamén en Bulgaria, dando como resultado unha produción anual de vintecinco longametraxes para a rede de distribución, e outras tantas para a televisión nacional, asemade, documentais e filmes de animación. Tras o derrubamento da Unión Soviética a industria volta a ser unha iniciativa empresarial libre cun apoio do goberno. Bulgaria ábrese ao mundo, a súa industria cinematográfica se reinventa, e teñen que acadar financiamento fóra do país, o que tamén fai que se interesen polo que sucede fóra.

Os temas para resaltar no cine búlgaro contemporáneo son, entre outros, a imaxe de Bulgaria e da a súa cidadanía fóra do país, o proceso de recuperación da memoria traumática, a emigración interna, a interminábel transición do comunismo á democracia, as xeracións perdidas e o salto interxeracional, a mocidade educada en democracia e a xente máis vella no outro sistema político.

Cineastas como Ralitzia Petrova, Konstantin Bozhanov, Stephan Komandarev, Svetla Tsotsorkova, Kristina Grozeva ou Peter Valchanov entre outros, teñen acadado o respecto da industria e do público internacional. Neste ciclo ofrecemos unha pequena mostra.

***Un minuto de gloria***, testemuña política chea de detalle na que se amosa un país entregado ás corruptelas institucionalizadas e xeneralizadas ás que a cidadanía ten que facer fronte con paciencia e dignidade.

***Destinos***, inspirada en feitos reais vividos por taxistas búlgaros, o director narra varias historias cruzadas nas que presenta moitos dos problemas que afectan actualmente a maior parte da poboación.

**FEBREIRO**

**14**

**MÉRCORES!! ás 20:30h**

**SLAVA de KRISTINA GROZEVA e PETAR VALCHANOV**

**(UN MINUTO DE GLORIA)**

**BÚLGARIA 2016; 101' V.O.S.C.**

**Ficha técnica**

|||||  
Dirección e Guión: Kristina Grozeva  
e Petar Valchanov  
Música: Hristo Namliiev  
Fotografía: Krum Rodriguez

**Ficha artística**

|||||  
Stefan Denolyubov  
Margita Gosheva  
Milko Lazarov  
Kitodar Todorov

2016: FESTIVAL DE XIXÓN: MELLOR FILME, GUIÓN E PREMIO FIPRESCI  
2016: FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE GHENT, MENCIÓN ESPECIAL Á MELLOR DIRECCIÓN  
2016: PREMIO GOLDEN ROSE AO MELLOR GUIÓN, DIRECCIÓN E FOTOGRAFÍA  
2016: FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE HAMPTONS, PREMIO Á MELLOR DIRECCIÓN  
2016: FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE LOCARNO, PREMIO DON QUIJOTE Á MELLOR DIRECCIÓN  
2016: FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE MINSK PREMIO DA AUDIENCIA AO MELLOR FILME  
2017: FESTIVAL DE EDIMBURGO (EIFF): MELLOR FILME INTERNACIONAL  
2017: ART FILM FESTIVAL PREMIO ANXO AZUL AO MELLOR FILME  
2017: SOCIEDADE DE CRÍTICOS DE CINE DE DUBLIN PREMIO AO MELLOR GUIÓN  
2017: FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE DUBLIN PREMIO DA CRÍTICA AO MELLOR GUIÓN  
2017: FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE EDIMBURGO PREMIO AO MELLOR FILME  
2017: FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE FAJR, PREMIO Á MELLOR ACTRIZ (MARGITA GOSHEVA), E AO MELLOR ACTOR (STEFAN DENOLYUBOV)  
2017: FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE LUXEMBURGO PREMIO DA CRÍTICA Á MELLOR DIRECCIÓN  
2017: FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE SOFIA, MELLOR FILME, PREMIO DA CRÍTICA  
2017: FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE TIRANA, PREMIO MELLOR FILME E MELLOR DIRECCIÓN  
2017: FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE TRANSILVANIA, PREMIO ESPECIAL DO XURADO  
2017: FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE VILNIUS, PREMIO CICAIE Á MELLOR DIRECCIÓN

**SINOPSE**

Un traballador do ferrocarril atopa uns cartos nas vías do tren, decide devolver a totalidade do importe á policía. O estado recompénsao por iso cun novo reloxo de pulseira que logo deixa de funcionar. Mentres, a xefa de relacións públicas no Ministerio de Transporte perde o seu vello reloxo. Desesperadas dun reloxo e da dignidade.

**KRISTINA GROZEVA e PETAR VALCHANOV**

Directores, actores, montadores, guionistas e produtores.

Diplomados na Escola Nacional de Cine de Sofía. Tras traballar e probar o éxito na curtametraxe en festivais como Clemon-Ferrand, Busán e Bruxelas, e optar no 2013 ao premio á mellor curtametraxe europea da EFA con *Jump. Urok* (A lección), supuxo o seu debut na longametraxe no ano 2014, acadando numerosos premios. Este filme é o seu último traballo.

**FEBREIRO  
19**

**POSOKI de STEPHAN KOMANDAREV  
(DESTINOS)  
BULGARIA 2017; 103' V.O.S.C.**

**Ficha técnica**

|||||  
Dirección: Stephan Komandarev  
Guion: Stephan Komandarev, Simeon Ventsislavov  
Fotografía: Vesselin Hristov  
Montaxe: Nina Altaparmakova

**Ficha artística**

|||||  
Ivan Barnev  
Georgi Kadurin  
Borislava Stratieva  
Anna Komandareva

**2017: FESTIVAL DE XIXÓN: MELLOR GUIÓN**

**SINOPSE**

Nunha reunión co seu banqueiro, o dono dun pequeno negocio descobre que ten que pagar un suborno para acadar un préstamo. El dispáralle ao banqueiro e logo a si mesmo. Este incidente causa un enorme eco de ámbito nacional, cuestionando o desencanto da sociedade. Mentres, seis taxistas e os seus pasaxeiros desprázanse coa esperanza de atopar un futuro mellor.

**STEPHAN KOMANDAREV**

Director, guionista e produtor nado en Sofía en 1966. Graduado en Dirección de Cine e Televisión na Nova Universidade de Bulgaria en 1998. Un ano máis tarde funda a súa propia produtora: *Argo*. Iníciase na longametraxe con *Dog's Home*, estreada na sección *Fórum* da Berlinale en 2001. Co segundo filme, *O mundo é grande e a felicidade está á volta da esquina*, acada premios en festivais de medio mundo e foi preseleccionado para os *Oscar* ao mellor filme en lingua non inglesa en 2009.

Na súa faceta de documentalista ten estreado títulos como: *Home for Someone Else* (2012), *The Town of Badante Women* (2009), *Alphabet of Hope* (2003), *Bread over the Fence* (2002).

*The Judgment* (2014), foi o seguinte traballo de ficción.

Este é o seu último traballo.

**FEBREIRO  
26**

**FILME SORPRESA**

Filmes de rigorosa estrea que están a formar parte da programación dos mellores festivais de cine do mundo. Se unha vez iniciada a proxección alguén decide saír, poderá facelo durante os primeiros 15 minutos e devolveráselle o importe da cota pagada.

**COLABORACIÓNS**

\*Na nosa colaboración coa Alianza Francesa a proxección será o vindeiro martes 6 de febreiro, ás 20:30h, no Auditorio Municipal de Vigo. O título *L'effet aquatique* de Solveig Anspach et Jean-Luc Gaget (2016); Entrada de balde até completar aforo.

\*Grazas ao acordo coa librería LIBROURO (rúa Eduardo Iglesias, n.º 12), todas as persoas asociadas terán un desconto do 5% nas compras logo da presentación do carné.

\*Todas as persoas asociadas que dispoñan de correo electrónico poderán solicitar o envío da programación.

\*Non se permitirá o acceso ao auditorio unha vez comezada a proxección. O uso do teléfono móbil na sala co filme iniciado será motivo de expulsión da mesma sen reintegro dos cartos da cota pagada.

**CINECLUBE LUMIÈRE  
DE VIGO**

Rúa Doutor Cadaval 33, 4.º A - 36202 Vigo -  
<http://www.lumierevigo.com>  
[info@lumierevigo.com](mailto:info@lumierevigo.com)

**PREZOS**

<b>Cota anual soci@:</b>	<b>18 euros</b>
<b>Cota filme soci@:</b>	<b>4 euros</b>
<b>Bono Lumière 5 filmes:</b>	<b>15 euros (só soci@s)</b>
<b>Cota filme colaborador@:</b>	<b>5 euros</b>
<b>PARAD@S, con carné:</b>	<b>4 euros</b>